

AXUDAS PARA ESTADÍAS 2026

Ésta é unha acción prioritaria aprobada polo Comité de Dirección dentro das accións estratéxicas do CITIC para o 2026. Estas axudas para estadías deberán reunir as seguintes características:

PERÍODO: Poderán concederse axudas para estadías de investigación efectuadas entre o 1 de xaneiro de 2026 ao 25 de outubro de 2026.

TIPOLOXÍA DE GASTO: Axudas a estadías para o persoal adscrito ao CITIC. O importe inicialmente destinado a esta acción é de 40.000,00 €, que poderá ser ampliado sempre que exista crédito axeitado e suficiente e será financiado coa partida orzamentaria con código 0599241020 541A 6490208.

COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS: Debido á natureza dos fondos, esta axuda é **incompatible** con outras fontes de financiamento para a mesma finalidade.

REQUISITOS:

- ⇒ Modalidade A: Axudas para estadías para persoal investigador adscrito ao CITIC:
Requisitos: Ser Persoal Docente e/ou Investigador con relación laboral ou estatutaria coa UDC e adscrito ao CITIC no momento da solicitude e durante a realización da estadía.
- ⇒ Modalidade B: Axudas para estadías para o resto de adscritos ao CITIC:
Requisitos: Ter matrícula en vigor na UDC e estar adscrito ao CITIC no momento da solicitude e durante a realización da estadía.
- ⇒ No caso de ambas modalidades:
Cumprir a condición de filiación: A persoa solicitante debe cumprir os requisitos de Filiación ao centro descritos na normativa de adscrición subscrita. Revisarase a filiación das publicacións do período 2020-2025 e nas redes e plataformas científicas.

DURACIÓN: As estadías deberán ter unha duración mínima de 1 mes e máxima de 3 meses. No caso de persoal adscrito con categoría de permanente a duración mínima será de 2 semanas.

Código Seguro De Verificación	Ud306a00FhFhNre+xb5xiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicións (CITIC) - Manuel Francisco González Penedo	Asinado	22/01/2026 13:51:39
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ud306a00FhFhNre%2Bxb5xiA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



FINANCIAMENTO DA CONVOCATORIA: Esta axuda está subvencionada polo CITIC, centro con acreditación en excelencia do Sistema universitario de Galicia. ED431G 2023/01. Cofinanciado nun 60 % polo Programa de Galicia FEDER 2021-27, no marco das axudas para a estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do SUG da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia ED431G.

A axuda queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos Orzamentos da UDC para o ano 2026.

DESTINO E CONTÍA DE CADA ESTADÍA: A axuda abranguerá estadias a efectuarse nun centro ou grupo de investigación estranxeiro ou nacional, **exceptuando Galicia**, de ata tres meses de duración, e terán un importe máximo de financiación segundo a seguinte táboa:

Destino	Contía máxima (90 días)	Coste/día
España	2.120,00 €	23,56 € / día
Europa	4.600,00 €	51,11 € / día
América Latina, África	5.200,00 €	57,78 € / día
EUA, Canadá, Asia ou Oceanía	7.200,00 €	80,00 € / día

No caso de que a duración da estadia fose superior a 3 meses, será susceptible de financiamento únicamente o correspondente a 3 meses. Se a duración é inferior, será financiada a parte proporcional correspondente aos días de estadia.

Unha vez coñecido o número de solicitudes e o seu importe total, en caso de non poder financiar o 100 % da solicitude (ao non alcanzar o orzamento dispoñible debido ao número de solicitudes), distribuirase proporcionalmente ata completar o orzamento dispoñible.

RECEPCIÓN DE SOLICITUDES: Até o **28 de febreiro de 2026**, enviando a seguinte documentación a xestion.economica.citic@udc.es:

- ⇒ Formulario de solicitude.
- ⇒ Invitación ou carta motivada do grupo ou centro de destino, onde consten as datas para a realización da referida estadia.
- ⇒ Declaración responsable doutras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- ⇒ Matrícula de curso en vigor ou contrato laboral, se procedera.

Código Seguro De Verificación	Ud306a00FhFhNre+xb5xiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) - Manuel Francisco González Penedo	Asinado	22/01/2026 13:51:39
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ud306a00FhFhNre%2Bxb5xiA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



RESOLUCIÓN: A resolución das axudas publicarase tras o remate do prazo de presentación de solicitudes en <https://citic.udc.es/intranet/>.

Constituirase un **Tribunal de Selección**, encargado da **valoración e resolución** das solicitudes presentadas conforme aos criterios establecidos na presente convocatoria, composto polas seguintes persoas:

- ⇒ Titulares: Manuel Francisco González Penedo, María Blanca Padín Viaño, Adriana Dapena Janeiro.
- ⇒ Suplentes: Javier Pereira Loureiro, Minia Manteiga Outeiro, Salvador Naya Fernández.

PROCEDIMENTO PARA O PAGAMENTO DA AXUDA: O procedemento de pagamento da axuda realizarase ao abeiro da normativa da Universidade da Coruña, podendo realizarse un pagamento anticipado da axuda concedida nas condicións que a devandita normativa permite, previa solicitude da persoa beneficiaria e condicionada á dispoñibilidade de recursos no momento da solicitude.

Se a estadía non se realizara de conformidade, a persoa beneficiaria deberá reintegrar o importe adiantado.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR Á VOLTA DA ESTADÍA:

1. Memoria científico-técnica da estadía.
2. Certificado de realización da estadía.
3. Xustificantes das viaxes da ida e da volta, según medio/s de transporte utilizado/s (tarxetas de embarque, billetes de tren, billetes de autobús, tickets de peaxe, facturas de taxi, etc.)

PRAZOS:

A solicitude, xunto coa información pertinente, deberá enviarse a xestion.economica.citic@udc.es

A documentación final presentarse no CITIC dentro dos **sete días naturais** seguintes á finalización da viaxe, en calquera caso, sen superar a data límite do **31 de outubro de 2026**.

REPOSITORIO:

Toda a documentación referente á convocatoria poderá atoparse en <https://citic.udc.es/intranet/>.

INSTRUCCIÓN PUBLICIDADE AXUDAS: As persoas beneficiarias obrigatoriamente deberán dar publicidade da orixe do financiamento da actividade subvencionada, facendo referencia expresa en todas as publicacións, relatorios ... que leven a cabo, incluíndo o seguinte texto:

"CITIC, as a center accredited for excellence within the Galician University System and a member of the CIGUS Network, receives subsidies from the Department of Education, Science, Universities, and Vocational Training of the Xunta de Galicia. Additionally, it is co-financed by the EU through the FEDER Galicia 2021-27 operational program (Ref. ED431G 2023/01)."

Código Seguro De Verificación	Ud306a00FhFhNre+xb5xiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicións (CITIC) - Manuel Francisco González Penedo	Asinado	22/01/2026 13:51:39
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ud306a00FhFhNre%2Bxb5xiA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

